

I PREMIO MARIA JOSEFA WONENBURGER PLANELLS*

Señor vicepresidente, señora conselleira, autoridades, miñas donas, meus señores:

Quero comenzar expresando o meu agradecemento a a Laura Sanchez Piñón Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria e a Carmen Adán, Presidenta da Unidade de Muller e Ciencia de Galicia, da Consellería de Vicepresidencia, da Xunta de Galicia, pola concesión do Premio María Wonenburger e a tódolos que participaron na proposta, pola confianza que depositaron na miña persoa.

A Pepa Fernández, a miña sucesora na ardua tarefa docente e investigadora na Facultade de Física, e a tódolos meus innumerables colaboradores presentes e ausentes, porque sen eles a miña laboura non tería sido a mesma; a Tarsy Carballas, Presidenta do Consello Asesor de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia e portavoz do Grupo THOR, que acaba de facer a miña semblanza coa mestría que a caracteriza, por apoiarme sempre que o necesitei; e, para rematar, a tódolos que estades eiqui, familiares e amigos, por acompañarme neste entrañable acto.

Seguindo a Sir Winston Churchill cando dixo: "Si o presente pretende xulgar o pasado, acabará perdendo o futuro", eu non quero falar hoxe do que fixen ou tiven que facer, para que se me honre con este premio, ou das lamentables circunstancias que rodeaban á Universidade, cando comencei os meus estudos e nos anos sucesivos. O que pasou, pasou, e espero que non volva acontecer nunca mais.

Nembargantes, o ler o meu *Currículum*, teño que recordar o ambiente no que se foi desenvolvendo, porque si todo fose como é agora, sería un *Curriculum* mais, brillante, pero normal. Pero naquel tempo tiñamos excelentes profesores, pobres laboratorios de prácticas e inexistentes laboratorios de investigación.

Cando miro cara atrás, imaxínome a miña vida como a estela que deixa un barco cando zarpa e se dirixe cara o mar aberto. Se non se sabe pilotar, o barco pode batir contra o peirao, ou pode encallar nun baixío, que non se percibe desde a ponte, se non se usan as cartas de navegación. No meu caso, ademais de traballar, tiña que medir moi ben os pasos que daba, primeiro por ser muller e, segundo polas miñas ideas políticas. Mais as estelas bórranse, non só no mar: a memoria é unha gran esponxa que vai borrando o encerado da vida.

Por iso, como Churchill, eu prefiro ollar o presente, e mesmo ¿por qué non? cara o futuro, aínda que no meu caso, e por razón da miña idade, teña que ser o futuro próximo.

No en tanto, ollar hacia atrás, aínda que so sexa un pouquiño, para recordar co camiño que percorrín foi pedregoso e costa arriba, só me produce angustia, mais agardo non transmitíla os que hoxe me estades escoitando.

Irse cunha bolsa a Francia, no ano 1962, cando a única palabra que se sabe de francés e merci, pois eu non estudiei francés no bacharelato, sinon italiano, pode resultar, a lo menos, sorprendente, mais coidaba cos nosos emigrantes íanse igual que eu e desenvolvíanse ben. Aos oito días de estar alí, xa falaba un francés bastante aceptable. ¡Milagre das linguas románicas! Eu pensei: Ada, colle as palabras españolas e pronuncias en francés e, si non te comprenden, repíteo cun sinónimo; seguro que te entenden. ¡Et voilà! ¡Que valentes somos cando temos vintetantos anos!

O caso e que me separei do peirao e escomecei a miña singladura cara a Marsella sen mais problemas. Cheguei a falar francés, iso sí, con acento marsellés, tan ben, que non se me notaba que era española.

Outra cousa completamente distinta foi a miña marcha á Universidade de Manchester no ano 1974. Eu aprendera en Francia todo o que me podían ensinar e busquei un científico excepcional para aprender moito mais: era o Profesor Henry Skinner. Presentáramo o Profesor Calvet en Marsella 10 anos antes. Coñecía e sabía que a miña seguinte etapa ía ser con él. Pero a decisión de irme cun ano sabático naquel intre, non foi tomada logo de madura reflexión. Foi froito da desesperación, logo dun errado intento de ser Profesora Agregada de Granada e de retirarme no último exercicio, nun momento de frustración e angustia, fronte a inxustiza que imperaba nas oposicións daquela época, e tamén polo ambiente que había na miña Facultade. Un traizoeiro escollo, agachado no medio do océano, que por pouco envía o meu barco a piques. A única decisión que me fixo pensar, foi decidirme entre unha bolsa Fullwraight para a Columbia University de Nueva York ou a minúscula bolsa do Ministerio de Educación para a Universidade de Manchester. A razón fíxome tomar a decisión correcta. ¡Nunca me pesou! Antes o contrario, foi unha das mellores decisións que tomei na miña vida.

E tamén emigrei, como os meus paisanos, cun inglés moi deficiente, o que aprendera no bacharelato, que mais valía que nunca o aprendese, porque estaba cheo de incorreccións. Eiquí non me serviu a picaresca do francés. O inglés non se parece moito as linguas latinas. Pero tampouco tiven dificultades. Tardei un pouco mais (eu xa non era vinteañeira) mais defendíame co que sabía e o uso diario da lingua fixo o resto. Esta vez con acento Mancuniam ou sexa de Manchester.

Traballei duro, durísimo, de 9 a 5 sen interrupción, de luns a venres, pero as verdes paisaxes, o campo tan coidado, a beleza das grandes extensións de narcisos en flor en marzal, as cereixeiros rosa en abril, os rododendros de xuño, e a cor das árbores no outono, compensaban a tristura que producía a falta de

luz, característica dos países situados mais o norte, que distaba moito do azul luminoso do Mediterráneo típico de Marsella, e, en certa maneira, mitigaban a saudade que sentía pola miña añorada Galicia, cos seus montes amarelos de toxo, na primaveira, e o violeta e mourado dos brezos, mais tarde.

*Nos campos da miña terra,
e amarela e mourada
a cara da primaveira.*

son versos do meu avó, o poeta Xoan Bautista Andrade.

Este horario permitíame dispoñer de moito tempo para ler, dende as 5 ata as 10 da noite. Así preparei, en perfecta armonía mental, as seguintes oposicións, sen presións nin cambadelas, e así acadei a praza de Profesora Agregada da Universidade de Santiago.

Unha vez afianzada en Santiago, fun moi pronto Catedrática i elexida Directora do Departamento de Física Aplicada. Aínda que o traballo era enorme, porque no Departamento había máis de 130 profesores – lembremos que neste tempo só existía unha Universidade para toda Galicia - e tiveron que por en marcha todo o que afectaba o Departamento respecto da LRU, non deixei nin un só ano de desprazarme a Manchester entre 3 e 4 meses para traballar alí. Iso obrigábame a coller un avión de cando en vez, pasarme dous ou tres días eiquí e volverme cara alá. Era unha vida tola, pero valía a pena.

E agora, pasemos o presente: o meu presente comenza no ano 1989, cando o regresar dunha estada en Inglaterra, atopeime con que Galicia ardía polos catro costados, o que me fixo pensar que había que facer algo, que chegara o momento de remangarse e coller o touro polos cornos. Comencei cos trámites para pedir un novo ano sabático, i escomecei a documentarme na física da ignición e da combustión, para pasar o estudo dos incendios en se mesmos e de toda a súa problemática. Pensei que se podía facer un gran programa informático, que fora tratando e resolvendo os múltiples problemas de todo tipo que producen os incendios forestais: prevención, extinción e recuperación das terras queimadas.

Funme para Manchester por un ano e alí, na súa magnífica biblioteca, adiqueime a estudar o tema, reducindo a miña investigación habitual a metade.

Un día, no Broomcroft Hall, que era a residencia para visitantes distinguidos da Universidade, onde sempre me aloxaba, coñecín a unha investigadora rusa, da Academia de Ciencias de Moscova, que realizara un Sistema Experto para o seguimento das nubes radiactivas procedentes da central nuclear de Chernobil, co fin de protexer á poboación. Confirmoume o que eu pensaba: a posibilidade de facer un Sistema experto para a prevención e loita contra os incendios forestais e para a recuperación das terras queimadas. O meu retorno a Santiago, púxenme en contacto cun grupo de compañeiros, que

inmediatamente se interesaron polo tema. Ata enton, do meu contorno, a única que traballara en Galicia sobor dos incendios e concretamente, os efectos do lume sobor as terras e a súa recuperación, era Tarsy Carballas e o seu equipo do Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia do CSIC.

Despois de varias reunións, “encerrámonos” todos no Parador de Pontevedra e, durante unha seman, preparamos un macro proxecto coordinado para ser presentado o Plan Nacional, no que participábam as tres Universidades galegas, o CSIC, a Universidade de Valladolid, o Centro de Investigacións Forestais de Lourizán, a Academia de Ciencias de Moscova e o Instituto Nacional de Meteoroloxía de Bulgaria. Así naceu o Proxecto e o Grupo THOR. O macroproxecto (sete proxectos, coordinados por min) foinos concedido e o cabo de catro anos estaba rematado. Lográmos elaborar un Índice de Perigo de Incendios Especifico para Galicia (para a prevención), un Sistema de Xestión dos recursos dispoñibles para a loita contra os Incendios Forestais (para a extinción), e, para rematar, outro Sistema de Xestión dos solos queimados para a súa protección e recuperación, para evitar a erosión post-incendio e poder repoboar posteriormente.

Neste intre, estamos a rematar un programa que permite coñecer, con tres meses de anticipación, os días en que comencan a estación de incendios e os picos de incendios, polo que a contratación e distribución dos medios de extinción podería facerse mais axustada no tempo e mais económica, xa que evita contratar medios moi caros, cando todavía non son precisos. Tamén estamos a traballar na elaboración do Índice de Perigo de Incendios para o Noroeste da Península Ibérica (Galicia, Asturias, Cantabria, Norte de Castela e León e Norte de Portugal).

As veces, os científicos acertamos a facer cousas extraordinarias, para dar solución a problemas reais que están ahí, mais a hora de aplicarlas chocamos contra unha parede. A menudo nos vemos inermes, nos desesperamos e deprimimos, o ver que conseguimos crear algo que pode resolver ou mitigar un gran problema e que os nosos remedios quédanse, como tantos outros resultados importantes, reflectidos nunha publicación nunha revista científica, porque a quen lle corresponde utilizalo, non o fai, aínda que teña unha grande importancia para a sociedade, privandoa dos beneficios da investigación e deixándonos os investigadores cunha sensación de fracaso e impotencia verdadeiramente demoledora. Afortunadamente, un bo investigador non deixa por elo de seguir traballando, aínda sabendo que si volve acadar outro logro importante, pode volver a sufrir o mesmo rexeitamento. Temos muy claro o que se espera de nos e o que debemos facer. ¡E facémolo!

Xa só me queda falar do futuro, pero o meu futuro, está nas mans de Deus.

Como di o poema de Goethe,

*Nas montañas hay paz ...
Pero agarda,
pronto tamén ti descansarás.*

Efectivamente, o barco achégase o porto onde ha de quedar acoderado esperando o desguace, ¡pero mentres siga tendo ideas e saude, non ei de cejar no empeño de traballar en prol de Galicia!

Antes de rematar, confesaréivos que teño un desexo: como xa pronto deberei deixar de guiar o meu coche, gustaríame ir a Madrid no AVE. Espero poder facelo pronto e así sentir a alegría que embargou o gran poeta galego Curros Enríquez, fai xa mais de cen anos, no intre da chegada a Ourense do ferrocarril:

*Velaí vén, velaí vén avantando
cómaros e corgas e vales e cerros.
¡Vinde vela, mociños e mozas!
¡Saudádea, rapaces e vellos!*

*Por onde ela pasa
fecunda os terreos,
despértanse os homes,
florece os eidos.*

*Velaí vén, velaí ven tan houpada,
tan milagrosiña, con paso tan meigo,
que pareca unha Nosa Señora,
unha Nosa Señora de ferro.*

*Tras dela non veñen
abades nin cregos,
mais ven a fartura
¡e a luz! ¡e o progreso!*

E para rematar, e dirixido os que foron meus colaboradores eiquí presentes, permitídemme uns consellos que non escribín eu, pero que estou segura que vos van a gustar:

*Nunca creas todo o que escoites,
nin xulgues todo o que vexas,
nin fagas todo o que poidas,
nin digas todo o que sabes.*

E a Regra 1ª da Orde de San Bieito.

¡Cousas de frades!

E nada máis, moitas gracias a todos.

Inmaculada Paz Andrade

Catedrática de Física Aplicada

Facultade de Física

Universidade de Santiago de Compostela

Leido o 15 de decembro de 2007

*Discurso pronunciado o día 15 de decembro de 2007 pola Profesora M^a Inmaculada Paz Andrade, Catedrática de Física Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela, con motivo da recepción do I Premio María Josefa Wonenburger Planells, establecido pola Unidade de Muller e Ciencia de Galicia, da Xunta de Galicia